



Defendemos o ensino público

Contra os que impoñen as súas regras



INFORME DA XUNTANZA MANTIDA POLA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA, CON PRESENZA DO STEG, CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA O MÉRCORES 22 de Novembro de 2017 EN PONTEVEDRA

Asisten o Xefe Territorial, o Inspector Xefe e o Secretario, así como representantes de ANPE, CC.OO, CIG, FETE-UGT e STEG. Non asiste CSIF.

A reunión comeza ás 10'15 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta de reunión anterior (18-10-2017)

Apróbase por asentemento.

2. Asuntos pendentes de xuntanzas anteriores:

2.1. CEIP Balaídos: PT “en estudo”

Hai informe desfavorábel do Equipo de Orientación Específico, se ben é certo que faltan algúns casos máis de alumnado por avaliar, de maneira que fica á espera de completar diagnose.

2.2. Zonificación de Vigo

Séguese traballando no documento. Está creada comisión con dous directores de primaria, dous de secundaria e dous de colexios privados concertados máis 6 inspectores e o propio XT. Contémplanse catro grandes zonas educativas futuras, fronte ás 8 de primaria e as 13 de secundaria actuais. Xirarán arredor dos IES e farase unha profunda revisión das rutas do transporte escolar. Será progresiva a implantación. O xoves 23-XI-2017 está previsto un primeiro debate de ideas coa Xunta de Directores sobre o rascuño do documento. A finais de decembro podería estar perfilado e o XT comprométese a facilitar entón copia ás organizacións representadas nesta Xunta de Persoal Docente.

2.3. Obras no IES Torrente Ballester.

Comunicóuselle ao Concello de Pontevedra petición da Consellaría para poder acometer obras de conexión co saneamento exterior cando se fagan as obras nesa rúa.

2.4. IES de Mos. Alumnado exento 2ª lingua estranxeira

O XT reconece que, como denunciou STEG, non se pode atender a exención de 2ª lingua estranxeira para todo o alumnado susceptible de acollerse a esa medida de reforzo, por falta de efectivos docentes suficientes. STEG esixe que se aumente o cupo do centro nunha persoa docente para o curso que vén e que se garanta con outras medidas de atención neste curso ese alumnado que fica sen o citado reforzo.

2.5. CPI da Cañiza: informe sobre horarios e redución profesorado

Denúnciase pola presidencia da Xunta de Persoal Docente a paulatina redución de efectivos docentes que ven padecendo desde hai algúns cursos este centro, que rolda agora os 238 alumnos/as de ESO. Desde a XT sinálase que é un centro de liña 2 e que ten moitos cursos de menos de 30 alumnos/as desdoblados, de maneira que se se aplicasen rixidamente as *ratios* mesmo tería que perder máis profesorado aínda. O outro centro de secundaria na Cañiza absorbe moito alumnado e a demografía é a que é.

2.6. IES Ramón M^a Aller de Lalín: horarios profesorado.

O Inspector Xefe responde a cuestión formulada por STEG e sinala que os defectos denunciados nos horarios a respecto da ausencia de hora de atención a pais/nais xa foron corrixidos durante o mes de setembro polo Inspector correspondente.

2.7. CEIP San Tomé (Cambados): problema servizo de limpeza.

STEG sinala que persiste o problema deste centro. Só ten unha persoa conserxe-limpadora e esta non pode atender no seu horario todas as necesidades de limpeza derivadas do tamaño do centro e da existencia nel de varios espazos anexos. No curso pasado o concello cambadés cubría o gasto de media xornada para outra persoa limpadora, pero ao comezar este curso eliminouse. STEG pide que a XT se dirixa de novo ao concello cambadés e intente que se restabeleza esa media xornada.

2.8. Auxiliares de conversa

Hai neste momento 550 auxiliares de conversa, que se dotan en base a estes criterios: 1º centros plurilingües, 2º centro bilingües e, dentro destes, 1º os de maior número de seccións, 2º os que nunca o tiveran antes e se incorporan *ex novo* á sección bilingüe. O XT reconece a existencia dun problema de falta de listaxes de substitucións para estes profesionais, de maneira que se dan algúns casos de “vacío” sobrevido desas prazas.

3. Novos asuntos:

3.1. CEIP Vilaxoán.

Solicítase desde CIG que a praza de OR sexa a tempo completo e non compartida con Aralde e Solobeira, como ata agora, vistas as necesidades do centro: 42 alumnos/as con n.e.a.e. e 6 deles con cadros bastante complicados. Por número unidades, contesta o XT, non lle corresponde. Só se pode corrixir a situación mediante convocatoria de vacante no CADP. Estudarase.

3.2. PT compartido no CEIP Pintor Antonio Fernández

STEG denuncia o perxuízo causado aos colexios de Tebra e Goián, ao pasaren de ter no curso pasado un PT compartido (3 días en Goián, como centro base, e 2 días en Tebra) a telo agora só 1 día cada un máis o CEIP nº 2 de Tui como centro base con 3 días de presenza á semana. STEG sinala que no colexio de Goián quedan casos diagnosticados como TDH sen correcta atención por este motivo e solicita que se considere a posibilidade de enviar para este curso xa un medio PT máis compartido entre Tebra e Goián.

3.3. Estado patio CEIP San Bartolomé de Tremoedo (Vilanova de Arousa)

STEG transmite a demanda do centro de que se acometan canto antes obras de acondicionamento do patio, que ten problemas de accesibilidade, exceso de inclinación, chan rugoso que causa numerosas feridas o alumnado durante o curso, etc. O centro vai cumprir o 50 aniversario e ese podería ser un bo pretexto para darlle esa mellora. O XT comprométese a estudalo, aínda que di que xa se teñen feito melloras nese colexio nos últimos tempos.

3.4. IES das Neves

O XT informa da concesión dunha axuda extraordinaria ao IES de 12.000 euros para facer de inmediato as obras que sexan necesarias para repoboar e facer bancais na zona afectada polo incendio no perímetro do centro, a fin de aseguralo.

3.5. IES Ribeira do Louro

Denúnciase que hai necesidades sobrevidas neste centro, por traslado do alumnado, que fan necesario reforzar a presenza de PT. O XT contesta que o EOE fará avaliación.

3.6. Problemática grupos de whatsapp e necesidade de protocolo

STEG coloca sobre a mesa o crecente número de incidentes que se están a producir na vida cotiá dos centros por mor de malas praxes no uso dos grupos de whatsapp creados polas familias e pregunta se non sería bo que a Consellaría enviase a todos os centros un protocolo base abordando esta cuestión, con indicacións claras sobre os pasos a dar en cada un dos supostos que con máis frecuencia se están vivindo na realidade e sobre os órganos e instancias ás que se pode/debe apelar en cada suposto. O XT recolle a inquedaanza.

3.7. Negociación de vacantes de Primaria e Secundaria na provincia para CXT

O IX pasa a informar favorábel ou desfavorabelmente, en cada caso, unha por unha, as peticións de vacantes que lle fixo chegar a Permanente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra tras fusionar nun único documento todas as achegas das organizacións sindicais con representación nela. [No local de STEG en Pontevedra, Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201, no Tfno 986 85 75 45 ou no correo electrónico pontevedra@steg.gal pode recabarse máis información detallada sobre este particular]

4. Rolda de intervencións

4.1. Demándase para o CEE de Panxón un provisional para atender caso dun alumno con serios transtornos de conduta.

4.2. Sinálase desde XT que o colexio Escultor Acuña ten AL suficientes.

4.3. O Inspector Xefe traslada que xa mantivo reunión coa dirección da Escola de Restauración

4.4. Advírtese ao XT desde a Presidencia da Xunta de Persoal da existencia de serios problemas de convivencia no CPI de Mondariz, para que a Inspección vexa de recabar a información oportuna.

4.5. Recórdaselle ao XT que ten pendentes de celebran sendas reunións solicitadas polas direccións do IES García Barros e CEIP do Cruceiro-Vilalonga, respectivamente.

E non habendo máis asuntos que tratar, rematou a xuntanza sendo as 13.40 horas.